

iiiiiiABÚRROME !!!!!

Nunca vos parastes a pensar por que dicimos o típico: "Abúrrome" cando é case imposible aburrirse tendo tantas e tantas cousas para facer por moi estúpidas que sexan?? Pois a verdade é que nós tampouco o sabemos, pero aquí dicímosche algunhas cousiñas que se nos pasaron pola cabeza, a verdade, un pouco tontas pero, que lle pides, nós tamén estamos nun momento de aburrimiento total e non sabemos de que falar. Ben, aquí vos van unhas pequenas suxestións para un deses momentos, e xa sabedes, A DIVERTIRSE!!!!!!

Pecha forte os ollos para un interesante show de luces. Tempo de diversión: 1-3 minutos. Grado de diversión: algo aburrido. Poderás observar luces fluorescentes que co paso do tempo aburren un pouco, así que como iso é o que queremos evitar, non vos pasedes do tempo máximo.

Intenta non pensar nos osos polares. Tempo de diversión: 1-5 minutos. Grado de diversión: algo aburrido. Isto é bastante difícil, xa que ao intentalo demasiado, acórdaste do que intentabas evitar pensar, polo tanto e practicamente imposible.

Ráscate. Tempo de diversión: 1-5 minutos. Grado de diversión: regular (Isto máis ca diversión dá moito gustiño). Vamos, ráscate xa. Non importa se non che pica nada. Verdade que te sentes ben?

Maréate todo o que poidas. Tempo de Diversión: 3-8 minutos. Grado de diversión: divertido. A mellor forma de conseguilo é mirar cara arriba e xirar como un trompo. Intenta estar tan mareado que non poidas nin estar de pé.

Gasta bromas por teléfono. Tempo de Diversión: 5-15 minutos. Grado de diversión: moi divertido (hai que ter disciplina). Recorda: as vulgaridades non fan divertida unha chamada, pero conseguir que o outro crea unha historia ridícula si.

Baixa o bordiño cos ollos pechados, imaxina que é un acantilado. Tempo de Diversión 2-5 minutos. Grado de diversión: divertido. Para poder divertirse, hai que ter moita imaxinación. Non baixes inmediatamente, prepárate para o salto. Sinte o vento da altitude. Adianta un pé e ... SALTA.

Mira fixamente a caluga de alguén até que dea a volta. Tempo de Diversión: 2-5 minutos. Grado de diversión: algo aburrido. Esta funciona polo pensamento de: »Sinto que me miran«. Se queres podes facer un experimento para ver se isto funciona.

Arranca un pelo, e méteo na orella de alguén. Tempo de Diversión: 2-5 minutos. Grado de diversión: regular. Mellor facelo a xente durmida. Intenta bater o teu récord da cantidade de pelos que dás colocado na súa orella antes de que se dea de conta.

Ponte a catro patas para mirar as cousas desde a perspectiva dun can. Tempo de diversión: 5-15. Grado de diversión: divertido. Nunca te paraches a pensar como ven os cans desde a súa perspectiva? Pois xa é hora de que o comprobes.

